- A partir do cuarto día e ata o vixésimo: Abonarase o 75% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa (ámbolos dous inclusive), supoñendo isto que o Concello, OOAA e EEMM complementarían dende o 60% ata o 75% (un 15%).
- A partir do vixésimo primeiro día: Abonarase o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa (complementa a administración nun 25%).
- A partir do día nonaxésimo primeiro, abonarase o 75% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa.

CONTINXENCIAS PROFESIONAIS:

- A partir do primeiro día o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior a causar a baixa (complementa a administración nun 25%).

SUPOSTOS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL POR CONTINXENCIAS COMÚNS:

Complementarase o 100% dende o primeiro día sempre nos casos de hospitalización, intervención cirúrxica e aqueles que, con carácter excepcional e debidamente xustificado, poida acordarse.

EFECTOS: Entrarán en vigor ditas medidas a partires do 16 de outubro de 2012, non afectarán ós empregados públicos que a entrada en vigor do Real Decreto Lei se encontren en I.T.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE PROCEDEU A REALIZAR UNHA CORRECCIÓN DE ERRO NO PREGO E PROXECTO DEFINITIVO DE XESTIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE ESCOLAS INFANTÍS: O Sr. Secretario dá conta do decreto da Alcaldía de 17 de agosto de 2012, que literalmente se transcribe:

“Analizado o documento elaborado pola secretaría accidental e pola técnica de educación, con data do 17 de agosto do actual, relativo ao erro cometido no prego de condicións e no proxecto do expediente de contratación da xestión das escolas infantís do Concello de Sanxenxo que literalmente di:

“**DILIXENCIA: Corrección de erros no Prego e proxecto definitivo de xestión para a contratación de xestión de servizos públicos de escolas infantís**

Polos servizos técnicos de educación, dáse conta a esta Secretaría dos seguintes feitos:

I.-XUSTIFICACIÓN DE CUALIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO: Nas páxinas 63 e 97 do *Prego definitivo de xestión para a contratación de xestión de servizos públicos de escola infantís* contéplase a obriga do adxudicatario a subrogarse na contratación de todo o persoal actual da Gardería Municipal de O Tombo.

Non se preveu a posibilidade de redución parcial de prazas por mobilidade de persoal, novas asignacións de tarefas, supresión de postos de traballo, ou outros motivos análogos ou semellantes.

II.-DESCRIPCIÓN DO ERRO: Na páxina 70 de dito prego reflíctese o persoal actual en plantilla 2012 e na páxina 71 faise unha distribución do persoal para cada EIM. Deste xeito o cadro de persoal da EIM O Tombo queda con 5 dos 7 traballadores que actualmente ten. Asemade, no cadro de persoal da EIM O Revel reflíctense os datos do persoal que o adxudicatario está obrigado a contratar sen incluír os dous traballadores da EIM O Tombo que pasarían á EIM O Revel.

É aquí pois onde se produce un erro no cómputo do persoal da EIM O Revel na que non se contabilizan os dous traballadores que provirían da EIM O Tombo.

Detectado este erro fanse necesarias as seguintes correccións:

1. Na páxina 71 cambiar o cadro de persoal da *Escola Infantil de O Revel* por este outro:

ESCOLA INFANTIL DE O REVEL	Duración	prazas	Salario	SS (RDL 8/2010)	Salario +SS
DIRECTOR COORDINADORA GARDERÍA	Xornada completa	1	25.000,00 €	8.250,00 €	33.250,00 €
TÉC. SUP. XARDÍN DE INFANCIA	Xornada completa	6	122.684,30 €	40.742,78 €	163.427,08 €

TÉC. AUX. XARDÍN DE INFANCIA	Xornada completa	2	31.716,07 €	10.475,43 €	42.191,50 €
TOTAIS			179.400,37 €	59.468,21 €	238.868,58 €

2. Na páxina 72 cambiar a cadro de *Costos persoal global* por este outro:

COSTOS PERSOAL GLOBAL	Duración	prazas	Salario	SS (RDL 8/2010)	Salario +SS
DIRECTORA GARDERÍA	Xornada completa	2	46.583,20 €	15.372,46 €	61.955,66 €
PROFESOR ED. INFANTIL	Xornada completa	1	20.368,91 €	6.721,74 €	27.090,65 €
TÉC. SUP. XARDÍN DE INFANCIA	Xornada completa	8	163.775,26 €	54.302,80 €	218.078,06 €
TÉC. AUX. XARDÍN DE INFANCIA	Xornada completa	3	47.331,62 €	15.628,56 €	62.960,18 €
TOTAIS		14	278.058,99 €	92.025,56 €	370.084,55 €

3. Na páxina 75 cambiar o cadro da *Escola Infantil de O Revel* por este outro:

ESCOLA INFANTIL DE O REVEL		
GASTO SALARIAL	179.400,37 €	
GASTO SOCIAL	59.468,21 €	
GASTO CORRENTE	127.175,00 €	366.043,58 €
BI	14.641,74 €	380.685,32 €
IVA		
TOTAIS	380.685,32 €	

4. Na páxina 76 cambiar o cadro de *Costos persoal global* por este outro:

COSTO GLOBAL	
GASTO SALARIAL	278.058,99 €
GASTO SOCIAL	92.025,55 €
GASTO CORRENTE	190.405,00 €
BI	22.419,58 €
IVA	0,00 €
TOTAIS	582.909,12 €

5. Na páxina 77 o *Prezo do contrato estimado* quedaría como segue:

582.909,12-111.600,00=471.309,12 €(EN BASE ANUAL, SEN IVE)

6.- Na páxina 98 o *Prezo inicial* quedaría como segue:

582.909,12 € sen IVE en base anual, da explotación das dúas escolas infantís.

Tratase pois dun erro aritmético, xa que a decisión do órgano de goberno competente foi a subrogación no servizo en xestión indirecta de todo o persoal adscrito a actual forma de xestión directa dunha das dúas escolas infantís, tendo en conta ademais da necesidade de dispor dun número de persoal mínimo estandarizado polas normas autonómicas de aplicación.

O motivo do erro foi descrito suficientemente con anterioridade, e basease na reasignación de dous postos de Escola Infantil de O TOMBO a do REVEL, sendo suprimido os postos da computación de gastos fixos da primeira citada, sen ser incluídos na segunda.

Tratase pois dun error cualificado, na Lei 30/1992, do 26 de novembro:

Artículo 105. Revocación de actos y rectificación de errores: “1. Las Administraciones públicas podrán revocar en cualquier momento sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, o sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico.

2. Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

APLICABLE AS ENTIDADES LOCAIS, EN VIRTUDE DO DISPOSTO NO:

Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las Entidades Locales : Real Decreto 2568/1986, de 28 noviembre [RCL 1986\3812](#)

TITULO VI. Procedimiento y régimen jurídico

CAPITULO I. Procedimiento administrativo

Sección 1ª. Normas generales

Artículo 146. [Régimen Jurídico del Procedimiento Administrativo de las entidades locales]: “De acuerdo con lo dispuesto en el [artículo 5 C\)](#) de la [Ley 7/1985, de 2 de abril](#), el procedimiento administrativo de las entidades locales se rige:

Primero.-Por lo dispuesto en la propia [Ley 7/1985, de 2 de abril](#), y en la legislación estatal sobre procedimiento administrativo común.

Segundo.-Por la legislación sobre procedimiento administrativo de las entidades locales que dicten las Comunidades Autónomas respectivas.

Tercero.-En defecto de lo anterior y de acuerdo con el [artículo 149.3](#) de la [Constitución Española](#), por la legislación estatal sobre procedimiento administrativo de las entidades locales, que no tenga carácter básico o común.

Cuarto.-Por los Reglamentos sobre procedimiento administrativo que aprueben las entidades locales, en atención a la organización peculiar que hayan adoptado.”

Artículo 147. [Principios de economía, eficacia y coordinación del Procedimiento Administrativo Local]: “1. La tramitación administrativa deberá desarrollarse por procedimientos de economía, eficacia y coordinación que estimulen el diligente funcionamiento de la organización de las entidades locales.

2. Siempre que sea posible se mecanizarán o informatizarán los trabajos burocráticos y se evitará el entorpecimiento o demora en la tramitación de expedientes a pretexto de diligencias y proveídos de mera impulsión, reduciéndolos a los estrictamente indispensables”

Deste erro debese dar conta ao órgano de goberno competente, na próxima sesión que se celebre.

Efectuaranse as correccións nos pregos de condicións e proxecto, mantendo os orixinais cos erros no expediente para constancia de todo o actuado.

Elevarase esta dilixencia a Alcaldía, coa finalidade de iniciar novo procedemento de licitación, como corresponda na normativa contractual.””

Esta alcaldía, **resuelve:**

1º) **Corrixir** o erro cometido nos documentos de contratación anteditos de xeito que tanto o prego de condicións como o proxecto pasen a publicarse no perfil do contratante como figuran na dilixencia.

2º) En consecuencia, o prezo do contrato pasa a ser de 582.909,12 € sen IVE.

3º) Ordenar que se publique un anuncio da rectificación do erro abríndose de novo o prazo para a presentación das ofertas”.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 20 DE XULLO AO 7 DE SETEMBRO DE 2012 (DE RES. Nº 780/12 Á Nº 1000/12): A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 20 de xullo ao 7 de setembro de 2012, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA SOLICITAR A INSTALACIÓN DUNS ESPELLOS NA PO-304 (R. DE ENTRADA NÚM. 6710, DO 19 DE SETEMBRO DE 2012): O Sr. **Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“Los concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L., al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formulan, para su discusión y, en su caso aprobación en el Pleno Ordinario a celebrar el próximo día 24 de SEPTIEMBRE la siguiente **MOCIÓN:**

En la PO-304 en el denominado cruce de Vichona, estaba prevista la instalación de una rotonda, proyectada entre otros motivos por la difícil visibilidad de los conductores a la hora de incorporarse de la PO-9207 (VILÍQUÍN-DENA), y de la PO-9206 (XESTEIRIÑA-ADINA).

Toda vez que la ejecución de dicha actuación no se materializará a corto-medio plazo, y de las dificultades de visibilidad son más que evidentes SOLICITAMOS.

Sean instalados unos espejos para facilitar dicha visibilidad de los conductores que se incorporan de las PO-9207 y PO-9206 a la PO-304”

O Sr. **Gonzalo Pita** xustificou a urxencia pola dificultade que teñen os usuarios para incorporarse a calzada e porque se trata dunha medida momentánea, mentres non se adoptan outras de maior calado, ademais de que ten un escaso custo.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O Sr. **Gonzalo Pita** reiterouse nos argumentos expostos na moción e nos manifestados na súa anterior intervención.

A Sra. **Deza Martínez**, voceira do Grupo Municipal Popular, recordou que a estrada non era de titularidade municipal e dixo que se trasladará a moción a administración competente.

Rematado o debate a Sra. **Presidenta** someteu a moción a votación na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o acordo que nela figuraba nos termos antes transcritos.-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO IBI EN DOUS PRAZOS (R. DE ENTRADA NÚM. 6807, DO 24 DE SETEMBRO DE 2012): A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

A situación actual de crise económica mundial na que estamos inmersos a meirande de países fai que cada vez os cidadáns pasen máis penurias económicas para chegar a fin de mes.

A subida de impostos continuas nos últimos meses fai que cada vez os cidadáns teñan menos poder adquisitivos

Os veciños/as de Sanxenxo tampouco son unha excepción nas subas de impostos, aféctanlle dos mesmo xeito que os demais cidadáns. Estes días os veciños/as de Sanxenxo comprobamos como chegan os seus domicilios os recibos do IBI cunha subida notable respecto ó recibo do ano anterior.

Non podemos esquecer que o período de pago é xusto despois da temporada estival (que por certo este ano tampouco foi moi boa) e xusto co comezo do curso escolar, o que fai que moitas familias teñan serias dificultades para efectuar o pago íntegro do recibo do IBI. Por todo elo consideramos que dende o Concello de Sanxenxo débenselle dar todas as facilidades os veciños/as de Sanxenxo para que poidan efectuar o pago do IBI en dous prazos. O primeiro prazo tería o carácter de pago a conta e sería o equivalente ao 50% da cuota líquida do recibo do Imposto de Bens Inmuebles correspondente o exercicio inmediatamente anterior, debendo de facerse efectivo no primeiro semestre do ano.

O importe do segundo prazo pasaríase o cobro o último día do período voluntario do cobro do impostos pola diferenza entre a cuantía do recibo correspondente o exercicio e a cantidade abonada no primeiro prazo.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO

1. Aprobación do pago do IBI en dous prazos, o primeiro pago durante o primeiro semestre do ano e o segundo pago o último día do período voluntario do segundo semestre, e que a súa entrada en vigo sexa para o ano 2013”.

A **Sra. Aguín Pombo** xustificou a urxencia polo feito de que están a chegar os recibos do IBI, que supoñen un desembolso importante dunha soa vez para as familias nun momento de crise como este e o pagamento en dous prazos sería unha axuda e, ao mesmo tempo, garantiríase un aboamento efectivo.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

A **Sra. Aguín Pombo** reiterouse nos argumentos expostos na moción e nos manifestados na súa anterior intervención.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal Popular**, explicou que o aprazamento xa está previsto na lexislación vixente e, por outra parte, estase a estudar a opción dun fraccionamento do pagamento con motivo da revisión anual das taxas e impostos municipais e a **Sra. Alcaldesa** matizou que o voto en contra se debía a que primeiro tiñan que estudar a posibilidade técnica do fraccionamento, para o que era necesario un informe do **Interventor**, non obstante o cal poderían apoiar a moción sempre que se fixeran cambios no sentido apuntado nestas intervencións.

A **Sra. Aguín Pombo** mostrou a súa disposición para modificar a moción según o manifestado nas intervencións anteriores, por canto se mantería a súa finalidade e consideraba positivo que se aproveitase para trasladala ás taxas.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo**, voceiro do Grupo Municipal Mixto, logo de dicir que se está a estudar a posibilidade, mesmo de pasar recibos trimestrais, aludiu a que era mellor esperar a ter os informes e traer o asunto a un próximo pleno.

A Sra. **Alcaldesa** indicou que era máis conveniente votar en contra da moción e que se emitan os informes pertinentes sobre este asunto, tendo en conta que o goberno municipal xa está a estudar o fraccionamento dos tributos municipais

Rematado o debate a Sra. **Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción.**-----

-

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA SOLICITAR DA XEFATURA PROVINCIAL DE CORREOS DE PONTEVEDRA A AMPLIACIÓN DO HORARIO DA OFICINA DE CORREOS SITA EN PORTONOVO, ESTRADA DA LANZADA (R. DE ENTRADA NÚM. 6806, DO 24 DE SETEMBRO DE 2012): O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“En máis dunha ocasión presentamos a este pleno unha moción solicitando melloras no servizo de correos así como unha nova oficina de correos para Portonovo porque a existente era tercermundista. As demandas mencionadas sempre avaladas polas firmas de veciños/as.

Dende fai moito tempos os veciños/as de Portonovo veñen demandando a ampliación do horario da oficina de correos de Portonovo. Adxuntamos 251 firmas de veciños/as nas que se solicitan o aumento do horario da oficina de correos.

O horario da oficina de correos de Portonovo a día de hoxe é de luns a venres dende ás 8:00 ata ás 11:30 e o sábados dende as 08:30 ás 11:30. Un horario de servizo que os veciños/as consideran insuficiente.

O servizo que dá esta oficina non é só para os veciños/as de Portonovo senón para todos os seus arredores. Tampouco podemos esquecer que este é un municipio turístico e na época estival multiplícase a poboación. Creemos que a ampliación do horario debería ser dende ás 08:00 ata ás 14:00.

ACORDO

1. Dar traslado urgente a Xefatura Provincial de Correos de Pontevedra da necesidade de ampliar o horario da oficina de correos, sita no lugar de Portonovo, estrada da Lanzada, de luns a sábado”.

O Sr. **Buezas Méndez** xustificou a urxencia pola inquietude que teñen os veciños para que esta oficina de correos teña o mesmo horario que a de **Sanxenxo**

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O Sr. **Buezas Méndez** reiterouse nos argumentos expostos na moción e nos manifestados na súa anterior intervención.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal Popular** e a **Sra. Alcaldesa** manifestaron o seu apoio a esta continúa reivindicación de Portonovo.

Rematado o debate a Sra. Presidenta someteu a moción a votación na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o acordo que nela figuraba nos termos antes transcritos.-----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA INSTAR A XUNTA DE GALICIA A INTERPOÑER RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA O REAL DECRETO-LEI 24/2012, DO 31 DE AGOSTO, ADEMAIS DOUTRAS MEDIDAS SOBRE A PROBLEMÁTICA DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES (R. DE ENTRADA NÚM. 6808, DO 24 DE SETEMBRO DE 2012): O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dá lectura á moción que literalmente se transcribe:

“David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPÓN:

O Real Decreto-Lei 24/2012, de 31 de agosto, des reestruturación e resolución de entidades de crédito supón a legalización da estafa das participacións preferentes, na que foron vítimas milleiros de persoas subscritoras, en moitos casos pequenas e pequenos aforradores, deste produto financeiro.

O devandito Real Decreto-Lei concédelle poderes excepcionais ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), creando unha lexislación a propósito e especialmente para que poida reestruturar o sector financeiro ao seu arbitrio, mesmo aínda que sexan entidades solventes. De acordo con esta norma, só se salvarán as entidades sistemáticas, os grandes bancos de ámbito estatal, co que se abre a vía á liquidación da entidade sistemática para Galiza NGBanco, procedente da fusión das caixas de aforros galegas, cuxo futuro resulta imprescindible para evitar o espolio do no aforro.

Ademais, en base ás facultades excepcionais concedidas ao FROB, permite que dito Fondo poida mudar unilateralmente as condicións pactadas nas participacións preferentes ou outros instrumentos financeiros análogos contratados, mesmo impondo cambios obrigatorios por outro produtos financeiros, co que as persoas subscritoras de participacións preferentes poder ter que asumir perdas de até un 70% a respecto do valor inicial deses participacións e só poderán percibir polos seus activos o valor de mercado máis como máximo un 10%. Dese xeito, como xa se adiantara no Memorando asinado coa UE para percibir as axudas dirixidas a reestruturar o sector financeiro do Estado español, o Goberno asume que pequenas e pequenos aforradores teñan que sufragar unha parte do rescate da banca privada, situándose así claramente do seu lado e virándolle as costas ás vítimas desta fraude.

Xa que logo, está a legalizarse a expropiación dos cartos na súa maior parte de persoas aforradoras, non de especuladores, a través dunha estafa cometida pola banca co engano masivo do que noso concello e en Galiza foron vítimas miles de persoas pequenas aforradoras.

Non só se consolida así a estratexia de sanear as perdas da banca privada con fondos públicos de toda a sociedade, senón que se afonda en deixar libres de toda culpa aos especuladores, ás persoas e entidades que realmente desenvolven unha economía de casino que está na raíz da actual crise, mentres se castiga a quen simplemente mantiña depósitos aforrados nas entidades financeiras.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a interpor recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto-Lei 24/2012, do 31 de agosto.
2. Instar á Xunta de Galiza a personarse na demanda pola Fiscalía Superior de Galiza, apoiando as súas pretensións.
3. Instar ao Goberno do Estado a que se exclúa ás persoas aforradoras subscritoras de participacións

preferentes ou débeda subordinada das quitas ou canxes obrigatorios previstos no RD-Lei 24/2012.

4. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a adoptar as medidas precisas para garantir a devolución íntegra do investido ás persoas aforradoras en participacións preferentes e débeda subordinada en entidades financeiras.
5. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza”.

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia pola defensa dos intereses dos cidadáns galegos afectados, así como pola corrección dunha actuación do goberno central que invade competencias desta Autonomía, o que esta por enriba dos intereses políticos, engadindo que se pretendía sanear as institucións financeiras, en parte, a custa dos pequenos aforradores.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O **Sr. Otero Domínguez** apelou ao compromiso cos cidadáns galegos que puxeron os seus aforros nestes produtos financeiros para que se apoiara a moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou se a moción era negociable ou pechada e o **Sr. Otero Domínguez**, a súa vez, quixo saber en que punto estaba en desacordo o anterior interviniente. O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que o Real Decreto podía ter partes aproveitables, polo que sinalou que, se non se retiraba o primeiro punto da moción, tería que votar en contra, estando de acordo cos restantes.

A **Sra. Alcaldesa** aludiu a que non estaba de acordo co punto 1º da moción, díxolle ao **Sr. Otero Domínguez** que concretara en que afecta o Decreto as competencias autonómicas e engadiu que a culpa da situación a tivo o goberno anterior, sostido tamén polo **BNG** nos presupostos, que permitiu a comercialización destes produtos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** lamentou que, apoiando catro dos cinco puntos dunha moción, non puidesen votar a favor dela, porque sempre presentan mocións pechadas, sen querer negociar sobre as mesmas.

O **Sr. Otero Domínguez** destacou que a impugnación só se faría respecto daquelas partes do Decreto que invadían competencias exclusivas autonómicas e recordoulle ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** que nun punto anterior se estaba a negociar e o representante do **Grupo Municipal Mixto** o evitou.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta someteu a moción a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego)

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción.**-----

ROGOS:

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 24 DE SETEMBRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 6809): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales solicita el siguiente RUEGO:

Rogamos se autorice a los departamentos de tesorería e intervención del Ilmo. Ayuntamiento de Sanxenxo para que procedan a fiscalizar la **renuncia del 30%** de las remuneraciones de los concejales de S.A.L en concepto de asistencias a comisiones informativas, plenos y consellos de la gerencia a partir del próximo 1 de octubre de 2012 y que dicho importe sea donado a las AMPAS de nuestro municipio de forma equitativa”.

A **Sra. Alcaldesa** matizou que o Concello non fai donacións.-----

PREGUNTAS:

1ª) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 24 DE SETEMBRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 6810): O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en el próximo pleno ordinario, la siguiente **pregunta:**

Que medidas van a adoptar ante la problemática existente con el local denominado karaoke de-luxe situado en la calle Fuensanta Rodríguez después de los múltiples escritos recibidos de denuncias vecinales debido a las peleas, venta y consumo de drogas, desorden público, amenazas a vecinos, obras ilegales, etc.”.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal Popular**, contestou que se fixo unha vixilancia constante a raíz das denuncias formuladas, procedeuse á clausura do local, ata que se achegou o certificado de cumprimento da normativa acústica, tamén houbo varias intervencións no local e se está a estudar polos servizos xurídicos unha revisión da licenza concedida polo incumprimento reiterado do titular.-----

2ª) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, logo de dicir que nos solos urbanizables a iluminación pública está acendida toda a noite, sen saber que función cumpre, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“**Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

Podemos dicir seste Concello conta co nun Plan de Aforro enerxético a día de hoxe?. Si é así, podemos dicir quen o elaborou en qué consiste, canto supón de aforro para as arcas municipais? Podemos dar unha copia do mesmo?”.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que os solos urbanizables non están enganchados á conexión municipal e que no concello se realiza un estrito control do consumo de enerxía.-----

3ª) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“**Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

Fai uns días leíamos nos medios de comunicación que Sanxenxo incrementou a recollida selectiva de residuos. Concretamente na recollida de materiais como vidro, envases, papel e cartón.

Todos os veciños de Sanxenxo son coñecedores que fai algún tempo o número de contenedores de reciclaxe é inexistente nunha boa parte de zonas do concello de Sanxenxo, ¿podenos explicar cómo haberndo moitísimos menos contenedores de reciclaxe que anos anteriores aumentou a cantidade de reciclaxe dos mesmos?”.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que a empresa deu datos certos por motivos de custo do servizo, engadindo que se produxo un masivo incremento de depósito de vidro como consecuencia da concienciación dos locais de restauración, especialmente os de copas. **A Sra. Aguíñ Pombo** preguntou se está previsto aumentar o número de eses colectores, contestando a **Sra. Alcaldesa** que sempre existe interese en mellorar o servizo.-----

4ª) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dá lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“**Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo**, voceira do PsdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

Fai máis de 15 anos que andamos con anuncios e máis anuncios, compromisos e falsos compromisos dunha nova depuradora en Sanxenxo. Pero neste últimos anos poidemos comprobar que tanto o goberno do PP de Sanxenxo como o goberno do PP da Xunta de Galicia escapan da patata quente da ubicación dunha posible EDAR en Sanxenxo.

Pasamos de que supostamente houberse un acordo entre os veciños de Dorrón e o goberno local sobre unha ubicación en Pampaido (por falar dun pasado máis recente), con declaracións posteriores de que si a Xunta contempla que a EDAR funcione antes de que remate o ano 2013 e que a redacción do anteproyecto estaría rematado a finais de 2010 a declaracións feitas este últimos días de que Sanxenxo rexeita ubicar unha nova EDAR no municipio.

Podenos explicar de si se vai a ubicar en Sanxenxo, concretamente na zona de Dorrón unha nova depuradora? Podenos dicir si o Concello de Sanxenxo xa lle comunicou de forma oficial a Concellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio a súa negativa a que en Sanxenxo se ubique unha nova EDAR?”.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que non se negou a que en Sanxenxo se constrúa unha depuradora, pero se a que se constrúa unha para dar, sobre todo, servizo ao Concello de Poio e solucionar o seu problema e mais cando no futuro será necesaria unha nova depuradora neste termo municipal cando se edifiquen

os solos urbanizables e tendo en conta que, na actualidade, para as vivendas afectadas deste concello naquela zona, pode buscarse outra solución.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar a **Presidenta** dá por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**